

RUTAS DOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ

ROTEIRO DO CONCELLO DE ABADÍN

AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

MARIO SAAVEDRA PÉREZ.

***PUBLICADO EN “CADERNOS DE ESTUDOS CHAIREGOS”, Nº 8. PUBLICACIÓN DO
I.E.S.CH.A. (INSTITUTO DE ESTUDIOS CHAIREGOS), Vilalba (Lugo), 2016***

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS CRUCEIROS



V RUTA DOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ

(CONCELLO DE ABADÍN)

Sábado, 18 de outubro de 2014

Cruceiro da Vesada

I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE ABADÍN.

Abadín é un municipio lucense cunha superficie de 196 km², que está integrado na Comarca da Terra Chá ¹. Pertence ao partido xudicial de Mondoñedo. Este ámbito territorial está situado na parte nororiental da Terra Chá, e amosa relevantes contrastes topográficos entre o sector da penillanura (500 metros) e os macizos montañosos do Xistral e o Cordal de Neda ². Pola súa situación xeográfica, o clima presenta invernos chuviosos e fríos, e verans secos mais con temperaturas medias non moi altas – media anual: 10,2º C. A nivel humano, a poboación aumentou dun xeito moderado dende comezos do século XX ata o ano 1950 debido as altas taxas de crecemento natural. Non embargantes, dende esta data iniciouse unha regresión demográfica debido ao éxodo rural e a unha baixa natalidade, o que deu lugar a unha estrutura da poboación avellentada ³. No intre actual, segundo o I.G.E. (Institución Galega de Estadística) do ano 2015 o municipio posue unha poboación de 2612 habitantes (1280 homes, e 1332 mulleres) distribuídos nas seguintes parroquias: Abadín (Santa María); Abeledo (Santa María); Aldixe (San Pedro); Baroncelle (Santiago); Cabaneiro (San Bartolomeu); Candia (San Pedro); Castromaior (San Xoán); Corvite (San Pedro); Fanoi (Sta. Maria Madanela); Fraiás (San Pedro); Galgao (San Martiño); Goás, As (San Pedro); Graña de Vilarente, A (Sta. María Madanela); Labrada (San Pedro); Moncelos (Santiago); Montouto (Santa María); Quende (Santiago); Romariz (San Xoán); Seivane de Vilarente (San Xoán).

Dende unha óptica histórica, as orixes deste concello estiveron relacionadas coas antigas construcións paleolíticas e neolíticas como o testemuñan os achados

¹ É unha comarca galega situada na zona norte e interior da provincia de Lugo. A máis extensa de Galiza con 1822,75 km². Segundo o I.G.E. do ano 2014 tiña 42.336 habitantes. A ela pertencen os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, e Xermade, sendo a súa capital Vilalba. O poeta Manuel María adicoulle á comarca o poemario *Terra Chá*, onde fala das súas terras e as súas xentes.

² CAEIRO GONZÁLEZ, Eugenio.: *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 7-8.

³ EQUIPO “IR INDO” (GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel...). *Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira*. La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, t. 25, Vigo, 2005, pág. 88.

paleolíticos de Labrada, ou o dolmen megalítico de Romariz. Non embargantes, o período castrexo reflectido nos castros de Abeledo, Fanoi, Fraiás, Moncelos e Romariz, foi posiblemente o que exerceu unha maior influencia neste ámbito territorial. Na Idade Media estas terras foron o resultado dunha xurisdicción formada polos señoríos de Baroncelle, Costas de Monte e Vilarente. Posteriormente, Aymerico, abade do mosteiro de Meira, concedeu a finais do ano 1254 unha Carta-Pueblo en beneficio dos 54 poboadores da granxa de Vilarente, orixe do actual municipio. Logo, o Cabildo de Mondoñedo vendeu o Coto de Abadín á familia dos Luaces no ano 1562, quen mantiveron os seus dereitos ata a súa derogación pola Constitución de 1812. A partir deste ano constituíuse este concello, que permaneceu invariable nos seus límites dende o ano 1845.

A nivel económico, o sector agropecuario é a principal rama de actividade para o emprego da poboación. Neste sector cómpre salientar a cabana bovina láctea nas zonas de chaira, e a cárnica na montaña, onde as reses viven libremente. Con respecto á industria é mester sinalar a empresa Lácteos Lorán, S.L., que se adica á produción de queixos, mantequilla, e outros derivados de tipo lácteo. Finalmente, os servizos públicos teñen pouca transcendencia.

II. ROTEIRO SOBRE OS CRUCEIROS DE ABADÍN.

Co obxecto de dar a coñecer os cruceiros chairegos, unha das manifestacións máis relevantes do patrimonio etnográfico da Terra Chá, e contribuir desta maneira á posta en valor destes monumentos tan singulares, a Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedrea e Petos de Ánima organizou un novo roteiro dos Cruceiros da Terra Chá.

Nesta ocasión o roteiro estivo adicado a coñecer certas singularidades artísticas do concello de Abadín. Éste, ao igual que os anteriores ⁴ foi planificado polo etnógrafo Mario Saavedra Pérez, e guiado posteriormente polos integrantes do equipo de investigación “Carboeira”, formado polos etnógrafos: Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e o susodito Mario Saavedra Pérez.

Os asistentes –uns trinta aproximadamente– visitaron, acompañados dos devanditos guías, o concello de Abadín, caracterizado por un abundante número destas mostras da arte e a fe popular. Neste roteiro colaboraron a Área de Cultura e Turismo da

⁴ Xa se fixeron os roteiros de Cruceiros de Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza.

Deputación de Lugo, e o Concello de Abadín. No percorrido, que foi levado a cabo nun autocar e, tamén, a pé nalgúns tramos, os guías puideron dar a coñecer os seguintes Cruceiros, Cristos e Esmoleiros.

II. 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E COORDENADAS U.T.M. DOS CRUCEIROS, CRISTOS E ESMOLEIROS VISITADOS ⁵.


CRUCEIRO	CRISTO	ESMOLEIRO	LUGAR	PARROQUIA	CDS.U.T.M.
Da Vesada			A Vesada	Abeledo	X= 622.645 Y=4.798.213
		Da Virxe dos Remedios.	A Vesada	Abeledo	X= 622.645 Y= 4.798.213
	Horta das Lamas		Os Sabugos	Abeledo	X= 622.742 Y=4.798.469
Da Igrexa			Igrexa	Abeledo	X= 623.813 Y= 4.798.166
	Capela de S. Antón		Os Sabugos	Abeledo	X=622.876 Y= 4.798.830
		De San Antón	Os Sabugos	Abeledo	X=622.641 Y= 4.798.772
Do Vilar			O Vilar	As Goás	X=622.365 Y=4.800.740
Da Picheira			A Picheira	Cabaneiro	X=622.672 Y=4.801.019
De Fraiás			Gontán	Fraiás	X= 624.306 Y=4.802.836
	Do Cuco		Gontán	Fraiás	X=624.266 Y=4.802.840
Da Escola de Gontán			Campo da Feira	Quende	X=624.187 Y=4.803.010
Da Igrexa			Igrexa	Romariz	X=624.392

⁵ Na localización reflectimos todas as manifestacións artísticas do Roteiro, segundo a orde de visita.

					Y=4.806.250
	Do Cordal		O Cordal	Labrada	X=622.680 Y=4.807.820
Da Veiga da Ponte			A Veiga	Montouto	X=621.246 Y=4.808.972
Da Igrexa			O Barral	Labrada	X=622.027 Y=4.807.314
De Fanoi			Zurriera	Fanoi	X=622.702 Y=4.803.935
Da Igrexa			A Torre	Abadín	X=622.543 Y=4.802.935
Da Roxoa			A Roxoa	Castromaior	X=619.018 Y=4.799.559
Do Castiñeiro			O Castiñeiro	Baroncelle	X=620.769 Y=4.796.457
Do Carregal			O Carregal	Moncelos	X=621.145 Y=4.749.195
Do Valado			O Valado	Moncelos	X= 621.110 Y= 4.793.385
De Antonio Puente			Os Tarraxís	Moncelos	X=621.893 Y=4.793.803

:

II. 2. MAPA DE LOCALIZACIÓN



II. 3. SITUACIÓN DOS CRUCEIROS NO ÁMBITO PARROQUIAL E DESCRICIÓN DOS SEUS ELEMENTOS.

3.1. CRUCEIRO DA BESADA.

Este cruceiro, de dominio privado, está situado á beira da estrada LU-12-01, entre os quilómetros 26 e 27. Dende unha óptica artística está formado por unha serie de



elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por un chanzo de granito. Unha base monolítica, que amosa un primeiro tramo paralelepípedo e un segundo troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas; námbolos dous tramos están reflectidas as seguintes inscricións:

CARA W., (tramo superior). **EL ILMO SEÑOR / OBISPO DE MONDO / ÑEDO CONCEDIO/ 50 DIAS DE INDUL / GENCIA POR REZAR/**

ESMOLEIRO E CRUCEIRO DE “A BESADA”

CARA S., (tramo superior). **CUALQUIERA ORA / CION APROBADA / POR LA IGLESIA D / LA BESADA ES**

CARA N., (tramo superior). **DEVOCION DE D / RAMON MORADO / BECINO D ESTA PA / RROQUIA AÑO D 1896/**

CARA N., (tramo inferior). **EL ARZOBISPO DE / SANTIAGO CON / CEDIO 200 DIAS D / INDULGENCIAS A TO /**

CARA S., (tramo inferior). **DOS LOS QUE RE / ZAREN UN CRE /**

CARA E., (tramo inferior). **DO Y UNA SAL / VE DLANTE DE / ESTAS EFIGIES / AÑO DE 1907 /.**

Un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto. Na cara W., están esculpidos os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente amosan a seguinte disposición: tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de nove banzos. Nas caras do extremo superior agás a W., hai un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. Na cara W., mostra a figura dun santiño (San Ramón) portando unha custodia.

Un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular e coas arestas biseladas, que amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, hai unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz –mais separados dela ao igoa que a cabeza, espalda e pernas–; as súas mans aparecen abertas e o perizoma está anoado ao lado dereito; as pernas, lixeiramente flexionadas, presentan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre



unha caveira. No reverso, aparece en relevo a letra “M” (monograma de María) na intersección dos brazos. Tamén, a imaxe da Piedade na que a Virxe, vestida cunha túnica e manto, está sentada sobor dun trono, formado por dous discos ovalados. Esta advocación mariana soporta no seu colo o corpo inerte do seu fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra. Mentras tanto a cabeza de Cristo está caída para atrás, e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da sua Nai.

Este cruceiro mandouno construír D. Ramón Morado Rodríguez, quen tamén regalou á parroquia a imaxe da Virxe dos Remedios existente na igrexa.

3.2. ESMOLEIRO DA VIRXE DOS REMEDIOS.



Esta mostra da devoción popular, de dominio privado – pertence á casa de Plácido Moreno- está situada a beira da estrada LU-12-01, entre os quilómetros 26 e 27.

Dende unha perspectiva artística amosa na súa estrutura tres corpos de granito: O inferior, levantado sobre unha estrutura semi-troncopiramidal de cemento, ten forma cúbica, perfilándose as súas arestas superiores cun toro e unha escocia; na súa cara W, hai un oco cunha porta metálica, que serve de hucha para as esmolos.

O corpo central, de forma prismática de base rectangular, presenta unha fornela (protexida por unha pequena verxa metálica) cun arco escarzano, que acubilla unha imaxe pétreo e policromada da Virxe dos Remedios; por baixo da fornela e adosada á pedra, hai unha placa metálica coa seguinte inscrición: **LIMOSNA PARA / LA VIRGEN DE / LOS REMEDIOS**; por riba da fornela compre salientar como elemento ornamental a presenza dunha serie de gotas invertidas, policromadas en ocre. O corpo superior componse dun frontón triangular cun tímpano liso, que se apoia nunha cornisa voada, formada por un cimacio recto e un goteirón de cuarto bocel; o tímpano amosa a seguinte inscrición: **AÑO / D 1908** /. Finalmente, o esmoleiro mostra unha cruz latina no curial.

A imaxe mariana dos Remedios foi agasallo de D. Ramón Morado, e segundo testemuñas este monumento foi construído polos canteiros de Román. No intre actual son constantes as ofrendas florais, que se poñen ao carón desta manifestación relixiosa.

3.3. CRUCEIRO DA IGREXA DE ABELEDO.



Esta manifestación popular, de dominio público, está colocada no adro da igrexa parroquial. No seu conxunto cómpre distinguir as seguintes partes nunha orde ascendente:

Unha plataforma de dous chanzos: o inferior de cachotería e o superior de granito. Unha base monolítica composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. Presenta as seguintes inscricións:

Cara NE. ***A TODOS LOS / QUE REZAREN / UN PADRENUES / TRO AVE MA /
RIA SALVE CRE/***

Cara NW. ***DO O ACTO / D CONTRICCION / GANA 40 DI / AS D
IDULGENCIAS***

Cara SW. Ilexible

Un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto; a cara Sw., está decorada cos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos; ademais, nas catro caras do extremo superior hai un rebaixe rectangular co relevo dun rombo, que leva un roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiasse un capitel de forma troncopiramidal invertida,

ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e os relevos dunha custodia (cara Sw.,) e unha M (cara Ne.,). Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular e oitavada, e florenzada nos seus extremos. O seu anverso, baixo unha caretela, presenta unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz (mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas) e as mans aparecen abertas, deixando ver a cabeza dos cravos; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o seu pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. Este cruceiro mostra un capitel moi semellante ao da Picheira (Cabaneiro).

3.4. CRISTO DA CAPELA DE SAN ANTÓN.

Esta manifestación relixiosa, de dominio publico, está situada no adro da devandita capela. A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: unha plataforma de dous chanzos de cachotería sobre a que se apoia un plinto tamén de cachotería e de estrutura paralelepípeda. Este serve de soporte a unha base monolítica



composta dun primeiro tramo paralelepípedo e un segundo troncopiramidal. O Cristo remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular no pé e coas arestas oitavadas no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira; o anverso da cruz e, baixo unha cartela, amosa unha efíxie de Cristo coas seguintes peculiaridades: a cabeza inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha imaxe da Virxe. Esta, vestida cun manto, que lle cobre a cabeza, e coas mans en actitude orante se apoia nunha peana.

3.5. ESMOLEIRO DE SAN ANTÓN.

Esta mostra da devoción popular está emprazada na intersección da estrada LU-1201 coa pista, que leva á igrexa parroquial, entre os quilómetros 27 e 28. Dende unha óptica artística esta obra popular, realizada en granito, cachotería e revestida de cemento, está composta nunha orde ascendente de dous corpos: o inferior, de forma prismática cuadrangular, amosa un oco, que servía de peto para as esmolos; por riba del pode lerse a seguinte inscrición: **LIMOSNA / PARA SAN / ANTONIO/**. O superior de forma case semielíptica, mostra un rebaixe con arco de medio punto a xeito de



fornela, protexida do exterior por unha verxa metálica, debido a que acobilla no seu interior unha pintura representativa do San Antón. O conxunto está coroado por unha cruz granítica, latina, de sección cuadrangular –moi acentuada no pé da cruz– mais coas arestas biseladas, e florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira.

Este esmoleiro construído Francisco Alonso. A pechadura de tres chaves, que abrían de xeito combinado, realizouna Francisco Iglesias, máis coñecido como Relota, armeiro de Corvite. Coa recadación realizábase a festa do S. Antón (13 de xuño), e se non chegaba, D. Vicente Verdes, responsable da orquestra Os Petaíños, poñía a diferenza para a música e foguetes

3.6. CRUCEIRO DO VILAR.

Esta expresión artística, de dominio privado – D^a Encarnación do Vilar- está ubicada á beira da estrada CP-11-01, entre os kilómetros 29 e 30.

A nivel artístico está formado por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma dun chanzo de cemento, que serve de soporte a unha base monolítica, composta de tres tramos: o primeiro, de forma paralelepípeda; o segundo, troncopiramidal cunha moldura de talón invertida; e o terceiro, tamén paralelepípedo. A base prolongase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; a súa cara Nw., está ornada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de oito banzos e unha lanza. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e moldurado na súa parte inferior cunha escocia e cun bocel; a súa cara Nw., amosa a seguinte inscrición: **Nº 19 / JHS/**. Remata o conxunto unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto, que amosa tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, mostra unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso presenta unha imaxe coroada da Virxe sobre unha media lúa; vai vestida cunha túnica e manto e mostra as súas mans en actitude orante.

Este cruceiro foi trasladado ilegalmente a Castro de Rei mais houbo que restituílo ao seu emprazamento orixinal. Na actualiade está protexido por unha cerca metálica.

3.7. CRUCEIRO DA PICHEIRA.

Esta manifestación popular, de carácter público, está emprazada na intersección da estrada CP-11-01 cunha pista local, entre os quilómetros 29 e 30.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito:



Unha plataforma de tres chanzos: o inferior e o mediano, de cachotería e parcialmente soterrados; e o superior de granito. Esta serve de apoio a unha base monolítica, de forma troncopiramidal, que presenta na súa cara W., a seguinte inscrición: **OBISPO D MON / DOÑEDO CON / CEDIO 50 [DIAS] / DE YNDULGENCIAS POR / REZAR CUALQUIERA ...** Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto; a súa cara W., está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos; ademais as catro caras da parte superior mostran un rebaixe

rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior. Este actua de sostén dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas e cos relevos dunha custodia na cara W., e un **M** na cara Leste. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas octavadas no resto. O seu anverso amosa baixo unha cartela unha efíxie de

Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans abertas; o perizoma anoado á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, co pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira.

O capitel deste cruceiro é idéntico ao do adro da igrexa de Abeledo. Nel aínda se conservan os espigos, que suxeitaban os dous santiños, que flanqueaban a cruz. Na actualidade desapareceron.

3.8. CRUCEIRO DA PISTA DE FRAIÁS



Esta manifestación popular, de propiedade privada – foi da “Casa de Jacinta” de Fraiás- está situada na intersección da antiga N-634 coa pista, que leva á parroquia de Fraiás.

A nivel artístico, consta dunha serie de corpos, que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira: unha plataforma dun chanzo de cachotería con pegada de granito, que serve de soporte a unha base monolítica de forma troncopiramidal e coas arestas superiores redondeadas; amosa inscricións en varias das súas caras mais só pode lerse a do lado norte que di:

Cara N., ***EL YLLMO SR ARZO / BISPO
D SANTIAGO / CONCEDIO 200 D-AS
D INDULGEN-- / A PR REZAR ANTE***

ES

Cara W., ***ES DEBOCION / D BICENTE VEIGA / SU MUGER / ... CALAZO***

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A cara N., está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: unha custodia, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de oito banzos. As caras do extremo superior, agás a norte que presenta a figura dun santo portando unha bóla, mostran un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste serve de sostén a un capitel roto de forma troncopiramidal invertida e que está ornado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. O cumio do cruceiro amosa unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais presenta un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela, unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma anoado á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. Este cruceiro presenta restos de policromía de cor azul no fuste mais tamén unha preocupante inclinación á esquerda.

3.9. CRISTO DO CUCO.

Esta mostra da devoción popular, de dominio privado, está emprazada na intersección da antiga N-634 cunha pista local.

Dende unha perspectiva artística amosa na súa estrutura unha serie de elementos, colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por dous chanzos irregulares de granito, que vale de apoio a unha base monolítica de dous tramos: o primeiro, paralelepípedo; e o segundo troncopiramidal; ademais, presenta as seguintes inscricións:

Cara N., ***ESCELENCIA OBISPO / DE MONDOÑEDO / CONCEDIO 40 DIAS / D
INDULGENCIA P-- /***

Cara LESTE., ***PADRENUES / TRO O UN CREDO / ACTO DE CONTRI / CION
AQUI FALLECIO /***

Cara N., **CIO FRANCO VIDAL / DE LA EDAD DE CIN / CO AÑOS EL 23 D MA / IO AÑO D 1879 /**

Cara W., **A ESPENSAS DE / ANTONIO VIDAL / Y DE SU MUGER ANTA./ PARDO Y FERNANDEZ/**

Por riba da base, o Cristo alóngase nunha cruz latina, de sección cuadrangular na parte inferior do eixo vertical mais coas arestas achafranadas no resto; ademais mostra tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, unha efíxie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas presentan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira e sobre dúas tibias cruzadas.



O Cristo amosa restos de policromía de cor azul.

3.10. CRUCEIRO DA ESCOLA DE GONTÁN.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está colocada ao carón da vella escola de Gontán.

Dende unha óptica artística consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde ascendente da seguinte maneira: unha base monolítica composta dun primeiro tramo paralelepípedo e un segundo troncopiramidal. Por riba da base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A súa cara S., está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: unha custodia, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de oito banzos. Nas caras do extremo superior, agás a S., que presenta a figura dun santiño levando unha cruz, hai un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de



forma troncopiramidal invertida, ornado con volutas nos vértices superiores das arestas e con querubíns nas súas caras. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas achaflanadas no resto; ademais amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela, unha efixie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha imaxe da Piedade, na que a Virxe, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono formado por dous discos ovalados, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra;

a cabeza de Cristo está caída para atrás, mentres que o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai. Á dereita da cruz, imaxe dun santiño.

O cruceiro presenta restos de policromía en ocre na cara N., do fuste

3.11. CRUCEIRO DA IGREXA DE ROMARIZ.

Esta expresión artística, de carácter público, está situada no adro da igrexa parroquial.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados do seguinte xeito:

Unha plataforma de tres chanzos de cachotería, que serve de apoio a unha base monolítica composta de dous tramos: o primeiro, paralelepípedo; e o segundo troncopiramidal mais coas caras e arestas lixeiramente curvadas; tamén presenta a seguinte inscrición:

Cara NW.**OBISPO DE /
MONDOÑEDO CON/ CEDIO**
...../.

Cara SW. Ilexible.

A base prolónganse nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A súa cara NW está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos. As caras da parte superior, agás na NW que presenta unha figura humana sobre peaña e coas mans sobre o peito, mostran un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste se usa como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida, que está decorado cunhas volutas nos vértices superiores das



arestas e cuns querubíns nas súas caras. O cumio do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais presenta un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No anverso da cruz e, baixo unha cartela, amósase unha imaxe de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso da cruz debeu contar cunha Piedade, hoxe desaparecida.

3.12. CRISTO DO CORDAL.

Esta mostra da devoción popular, de dominio privado, está ubicada nunha finca pertencente a D. Ricardo Paz.

A nivel artístico, presenta na súa estrutura unha serie de partes claramente diferenciadas, colocadas nunha orde ascendente da seguinte maneira: unha plataforma dun chanzo de cachotería. Un plinto da mesma composición, que acaba nun robusto cimacio monolítico. Este se utiliza como apoio dunha base monolítica, composta de dúas partes: a primeira, paralelepípeda; e a segunda moldurada por dous boceis - o superior máis groso- separados por unha escocia; na cara Leste da parte paralelepípeda lese a seguinte inscrición:

HIZO EÑO D 1861

Na cara S., hai unha pequena fornela coa imaxe dun santiño, que amosa as súas mans en actitude orante. Por riba da base o Cristo alóngase nun fuste monolítico de pequeno tamaño, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto. A cara S., está ornamentada cunha placa. Sobre o fuste apoiase un capitel forma troncopiramidal invertida, moldurado en nacela. Finalmente, esta manifestación relixiosa remata nunha cruz grega, mistura de florenzada e pometeada. O seu anverso amosa unha efíxie de Cristo, moi erosionada, coas seguintes peculiaridades: a cabeza está volta á dereita; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan os pés paralelos.

3.13. CRUCEIRO DA VEIGA DA PONTE.

Esta manifestación relixiosa, de propiedade privada – pertence a “Casa do Elías”- , está situada nunha finca á beira dunha pista.

A nivel artístico está constituído nunha orde ascendente polos seguintes corpos:

Unha plataforma de catro chanzos: o inferior, de cachotería; e os tres restantes, de granito. Esta serve de sostén a unha base monolítica, composta de dous tramos: o primeiro, de forma cúbica; e o segundo cunha moldura de gola ou cima recta invertida. Da base erguese un fuste monolítico coas arestas oitavadas en toda a súa lonxitude. A súa cara Se., está ornamentada cos seguintes relevos en orde descendente: un martelo, unha pola (¿de olivo?) unhas tenaces, unha espada, un corazón e unha columna. Na cara Nw., os motivos son: un



rostro humano, tres cravos, unha escaleira de oito banzos e unha serpe. No extremo superior do fuste, as caras do chafrán presentan borlóns como motivo decorativo. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con merlóns por baixo do ábaco, volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas súas caras e unha ringleira de ocos cuadrangulares na parte inferior. Como remate, unha cruz latina, florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira, e de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto. O anverso, baixo unha cartela, mostra unha imaxe de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao fronte; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas, deixando ver a cabeza dos cravos; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas,

amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso amosa unha imaxe mariana da Piedade que, vestida cunha túnica e cun manto, está representada de pé e co seu Fillo en brazos. Este cruceiro é moi singular xa que mostra unha decoración e forma non habitual nesta comarca.

3.14. CRUCEIRO DA IGREXA DE LABRADA.

Esta mostra da devoción popular, de dominio público, está colocada no adro da igrexa.

Dende unha perspectiva artística consta dunha serie de elementos claramente diferenciados, que están dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: unha plataforma de dous chanzos de granito, que actua como apoio dunha base monolítica, composta de dúas partes: a primeira, de forma paralelepípeda; e a segunda, troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico. de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; a súa cara N., está ornada co relevo



dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos, que está flanqueada por unha inscrición na que se le o ano: **1885**; as caras do extremo superior, agás a do lado N., na que aparece a figura de San Pedro, presentan un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste úsase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras N., e S., e o sol e a lúa nas caras Leste e W., respectivamente. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto; tamén mostra unha cruz de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No seu anverso e, baixo unha cartela, hai unha efíxie de Cristo coas seguintes características:

unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans están abertas; o perizoma anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. No reverso aparece unha imaxe mariana, vestida cunha túnica e manto, e coas mans en actitude orante.

Este cruceiro foi recolocado no ano 2000, cometéndose o erro de facer coincidir a cara do fuste, ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón, co reverso da cruz, en vez de co anverso, que é o habitual.

3.15. CRUCEIRO DA IGREXA DE FANOL.

Esta manifestación popular, de carácter público, está situada no adro da igrexa parroquial.

O seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados



da seguinte maneira: Unha plataforma de dous chanzos de cachotería, o segundo con pegada de granito, que serve de sostén dunha base monolítica, formada por dous tramos separados por unha escocia: o inferior, de forma paralelepípeda e o superior de forma troncopiramidal mais coas arestas superiores redondeadas; a súa cara N., mostra a seguinte inscrición na que se le: ***ES DEVOCION / D MANUEL BI / DAL EL AÑO D 1 / 901.*** Sobre a base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; a súa cara N., está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: unha custodia, un látego, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos; pola contra, as caras do extremo superior, agás a N., na que aparece a figura dun santo

portando unha cruz (San Ramón?) amosan un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos e con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste utilízase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida, ornado con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras e unha cadea na cara N.,. O cumio desta manifestación relixiosa finaliza nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas oitavadas no resto; ademais mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso amosa, baixo unha cartela na que se le a inscrición: **INRI**, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira.

O crego D. Secundino Díaz Maseda, cando se foi desta parroquia, levou os dous santiños, que flanqueaban a imaxe mariana, existente no reverso da cruz.

3.16. CRUCEIRO DA IGREXA DE ABADÍN.

Esta expresión popular, de dominio público, está ubicada no adro da igrexa parroquial.

Con respecto a súa composición artística cómpre distinguir as seguintes partes nunha orde ascendente: unha plataforma composta de tres chanzos: o inferior, de cachotería; e os outros dous de granito. Esta serve de soporte a unha base monolítica, de dous tramos: o primeiro, de forma paralelepípeda; e o segundo, troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular



nos seus extremos e coas arestas oitavadas no resto. A cara Nw., está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos. Nas caras do extremo superior, agás a Nw., que presenta unha custodia, hai un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste serve de sostén a un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina, de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira e de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto. No seu anverso e, baixo unha cartela, aparece unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous por riba dunha caveira. No reverso hai unha imaxe mariana da Piedade que, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono formado por dous discos ovalados, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra; a cabeza de Cristo está caída para atrás, mentres que o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica que cobre as pernas da súa Nai.

3.17. CRUCEIRO DA ROXOA.

Esta mostra da devoción popular, de propiedade privada – pertence a D. Eduardo Souto Montenegro-, está emprazada á beira dunha pista próxima ao Pazo da Roxoa.

Dende unha óptica artística amosa na súa estrutura unha serie de corpos, colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma de tres chanzos de granito, os dous últimos co bordo resaltado en bocel. Esta se usa como apoio dunha base monolítica, formada por dous tramos paralelepípedos de diferente tamaño; o inferior, que é o máis grande, amosa as arestas superiores achafranadas. A base alóngase nun fuste monolítico, estriado, e de sección circular, máis ancha na súa parte inferior. O fuste serve de soporte a un capitel, composto de dúas partes: a superior, cuadrangular, formada por un dobre ábaco -de menor tamaño o inferior- separados por un equino; a inferior, circular, está composta dun astrágalo e dun listel. O cumo do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección circular e estriada. O seu anverso amosa, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: a cabeza inclinada á dereita; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas, deixando ver a cabeza dos cravos; o perizoma está anoado ao lado esquerdo; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra unha imaxe mariana coroada, vestida cunha túnica e cun manto, e coas mans en actitude orante; está apoiada sobre unha media lúa, que se asenta na cabeza dun anxo.



3.18. CRUCEIRO DO CASTIÑEIRO.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado – pertence á “Casa do Castiñeiro”- está situada nunha encrucillada de pistas.

A nivel artístico, consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e despostas nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma composta dun chanzo de cachotería na que se apoia unha base monolítica, que amosa tres tramos: o primeiro,



paralelepípedo; o segundo case troncopiramidal mostra un rebaixe en forma de talón ou cima reversa invertida; e un terceiro paralelepípedo mais de menor tamaño que o primeiro. A base presenta as seguintes inscricións:

Cara NW. ***LO PUSO DOMINGO / GAÚTE 1863/***

Cara SW. ***EL OBISPO D MONDO / ÑEDO***

Cara NE.***CREDO O / UN PADRE...***

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto. Este serve de soporte a un capitel de forma cúbica, moldurado cun ábaco e cun bocel nos extremos e media cana na parte central. O cume desta manifestación relixiosa remata nunha cruz latina, florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira, e de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto. O seu anverso mostra, baixo unha cartela, unha imaxe

cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas, deixando ver o oco no que se situaba un cravo metálico (hoxe desaparecido); o perizoma está anoado á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre a cabeza dunha santiña, vestida cunha túnica e manto e coas mans en actitude orante.

O tres de maio, festividade da Santa Cruz, realízase diante deste cruceiro unha ofrenda floral

3.19. CRUCEIRO DO CARREGAL OU DO CENDÁN.

Esta expresión relixiosa, de propiedade privada – pertence a “Casa de Matilde Cendán”-, está emprazada á beira da estrada LU-121, entre os quilómetros 20 e 21.

O seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados do seguinte xeito:

Un plinto de cachotería, que sostén unha base monolítica, composta de dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda; e a superior, troncopiramidal mais coas arestas superiores redondeadas; ámbas as dúas están unidas por unha escocia. Presenta a seguinte inscrición:

Cara NE. ***LO PUSO D JOSE / PEREZ PR DEVOCI / ON D Dª ANTONIA / PEREZ I FRANCA / ...FER.... AÑO D 1885***

Cara NW. ***EL ILLMO SR O/ BISPO D MONDO/ ÑEDO CONCEDIO/ 50 DÍA DE INDULG /GENCIAS /POR REZAR CUALQUIE***

Cara SW. ***RA ORACION / CREDO AVE/ MARIA DELANTE /[ESTAS IMÁGENES O EFIGIES]***

Por riba da base o cruceiro prolóngase nun fuste monolítico, de sección cudrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A súa cara Nw., está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos. A parte superior das caras Sw., e Ne., mostran un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior; pola contra, a cara Se., amosa unha roseta de seis pétalos e a Nw., presenta a figura dun santo cun libro e, por baixo, a inscrición: **SAN / TONIO**. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentada con



volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Como remate, unha cruz latina, florenzada, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No seu anverso e, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, aparece unha efíxie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans están abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. No reverso hai unha imaxe mariana da Piedade que, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono formado por dous discos ovalados, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra; a cabeza de Cristo está caída para

atrás, mentres que o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica que cobre as pernas da súa Nai. A cruz está flanqueada por catro figuras de santiños, de recente feitura, obra de D. Jesús Fernández Cendán.

Esta mostra relixiosa presenta restos de policromía de cor vermella no fuste, no capitel e no Cristo.

3. 20. CRUCEIRO DO VALADO.

Esta manifestación da devoción popular, de dominio privado – pertence a D^a Saturnina Díaz, veciña da Graña-, está situada á beira dunha pista nas inmediacións da ponte, que cruz o río Anllo.

Dende unha perspectiva artística amosa na súa estrutura unha serie de elementos, colocados nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Un plinto de cachotería sobre o que se apoia unha base monolítica disposta en dúas partes: a primeira, de forma paralelepípeda; e a segunda



coas caras e arestas en forma de talón ou cima reversa invertida, rematando o conxunto nun listel; na súa cara S., mostra unha inscrición ilexible. Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cudrangular nos extremos e coas arestas achafrandas no resto; a parte superior da súa cara S., presenta a seguinte inscrición: **Nº 28** ; pola contra, na inferior pode lerse: **AÑO / DE / 1870.**; ademais esta cara está ornada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: unhas tenaces, un martelo invertido, unha lanza e unha escaleira de nove banzos. O fuste úsase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida, delimitado na súa parte superior por un ábaco e na inferior por un astrágalo, mentres que a central presenta unha moldura de talón ou cima reversa. Finalmente, no cume do capitel xorde unha cruz latina, de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira, e de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas octavadas no resto. O seu anverso mostra, baixo unha

cartela, unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha santiña, vestida cun manto e coas mans en actitude orante.

3.21. CRUCEIRO DE ANTONIO PUENTE.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado – pertence a “Casa dos Cabaneiros ou de Puentes”-, está ubicada na intersección dunha pista local cun camiño preto da igrexa parroquial.

A nivel artístico consta dunha serie de corpos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma composta dun chanzo de planta exagonal, ornamentada con cruces nas súas caras. Esta se usa como sostén dunha base monolítica, composta de dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda; e a superior cunha moldura de talón ou cima reversa



invertida, rematando o conxunto nun filete ou listel; na súa cara Nw., amosa a seguinte inscrición: **A LA MEMORIA DE / D. ANTONIO PUENTE/**. A base serve de soporte a

un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; a súa cara Nw., está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha escaleira de sete banzos e unha lanza; a parte superior das catro caras está ornada cun rústico rombo, que amosa un roel no centro; ademais, na parte inferior da cara Ne., pode lerse a seguinte inscrición: **AÑO / DE / 1867**. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e moldurado na súa parte inferior cunha escocia e cun bocel. O cruceiro termina nunha cruz latina, de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira, e de sección cuadrangular mais coas arestas octavadas no resto. O seu anverso amosa, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha cabeza humana. O reverso amosa unha imaxe da Virxe sobre unha media lúa, que lle serve de peaña; esta está vestida cunha túnica e cun manto e mostra as mans en actitude orante.

BIBLIOGRAFÍA.

ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, José Manuel; SAAVEDRA PÉREZ, MARIO.: ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín***, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 96, 2007.

FERNÁNDEZ DE LA CIGONA, Estanislao. ***Esmoleiros, petos e cruceiros de ánimas de Lugo***. Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 2002.

LAREDO VERDEJO, J. M. ***Os nosos cruceiros***. A Coruña: Boreal-Xuntanza Editorial, 1993. Tomo II

VALIÑA SAMPEDRO, Elías e outros. ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia***. Madrid: Centro Nacional de Información Artística y Arqueológica. Ministerio de Cultura, 1980.

OUTRAS ILUSTRACIÓNS



CRUCEIRO DE GAÚTE (BARONCELLE)



CRUCEIRO DOS PRADOS (FANOI)



CRUCEIRO DO ADRO DA IGREJA (I) (FANOI)



CRUCEIRO DE GALGAO (GALGAO)




CRUCEIRO DA EVARISTA (SEIVANE DE VILARENTE)



CRUCEIRO DE GAÚTE (BARONCELLE). INSCRICIÓN BASE.



CRUCEIRO DE ANTONIO PUENTE (MONCELOS). AÑO FUSTE.



CRUCEIRO DE ANTONIO PUENTE (MONCELOS). DETALLE DA CRUZ.



CRUCEIRO DO CARREGAL (MONCELOS).. DETALLE DA CRUZ.



CRUCEIRO DA CASA DE CARLOS (VILARENTE)



CRUCEIRO DA PEDROSA (VILARENTE). DETALLE FUSTE.